



A terra
quer
cuidados

A terra quer coidados
Lodoselo - Sarreaus (Ourense)

Texto para compartir na
celebración da XLVI
Romaxe de crentes
galegas e galegos

Asociación IRIMIA
Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela.
irimia@irimia.gal
www.irimia.gal

Iria Aldegunde - Ilustración portada e contraportada.

ROMAXE 2024. 14 DE SETEMBRO.

LODOSELO – SARREAUS (OURENSE)

A TERRA QUER COIDADOS

Guieiro/a:

Pois ben, amigas e amigos, irimegas e irimegos, empecemos logo esta celebración da XLVI Romaxe de crentes galegas e galegos, que leva por título “A Terra quer coidados”. Facémola aquí nas terras da Limia, do Limia; facémola no concello de Sarreaus, facémola nesta mimada parroquia de Lodoselo, á que podemos considerar, sen medo a abrírenos de máis a boca, capital galega dos coidados.

E entendédeme ben, Lodoselo é unha maneira de falar, porque ás veces ao CDR dinlle “os de Lodoselo”, pero en ningún momento a xente que aquí se dedica aos coidados se limitan á parroquia de Lodoselo. Dikir Lodoselo aquí é dikir Freixo, Boado, Laroá..., todas e cada unha das comunidades rurais ás que aquí acompañan cun pensamento coidadoso: non decidir nunca polos demais. A comunidade ao servizo da comunidade. Apoiando iniciativas de axuda mutua entre a veciñanza. O coidarme, coidarte, coidarnos como xeito de ser e estar no noso medio.

E por iso estamos aquí, facendo esta Romaxe: para agradecer coidados, para aprender coidados, para comprometer nos coidados, ata encher Ourense, Galicia enteira, o mundo enteiro da graza do mimo e da tenrura, da estima e da defensa dos coidados.

Romaxe: A iso vimos,
a iso estamos,
coidar queremos
e ser coidadxs.

1.-Con D.X. Bruto, o Galaico.

Guieira/o: Pois boa disposición é esa, abofé! Pero ollo!, amigas e amigos, que o falar non ten cancelas, pero tampouco as ten, por desgraza, a nosa facilidade para esquecer o xa falado. Déixovos con quen ben vos pode alertar.

D.X.Bruto: Preséntome, amigas e amigos, naturais ou visitantes destas terras que eu, Décimo Xuño Bruto, coas miñas tropas, conquistei hai dous mil anos, cando se levaba iso de medrar a conta de dominar, de apoderarse do que non era teu. E en graza da miña conquista destas terras galaicas deron en me chamar o “Galaico”, e xúrovos que me sentín e me sinto honrado con ese nome: son galai-co, son galego!

Romaxe: Non cho negamos,
galego serás,
pero ti es galego
pola porta de atrás.

D.X.Bruto: Ben, xa eu sabía que algunha desas me habiades botar. Deixémola cousa así, que diso non viña falar. Víñavos recordar algo que seguro máis dunha vez oístes. Que poderá ser? Vénvos algo á cabeza? (...)

Estaba eu coas miñas tropas ao pé do río Limia, que nace aquí no Monte Talaríño, en Paradiña, avanza medrando coas augas dos moitos regatos por estas terras, cruza Portugal e desemboca no Atlántico en Viana do Castelo. As lendas chamábano con nome de río Lete, palabra grega coa que se di Esquecemento; quen ousaba cruzalo, de calquera xeito que fose, perdía a memoria. Para conven- cer as miñas tropas do contrario, houben de pasar eu primeiro o río e desde a outra banda fun chamando polo nome os meus soldados. Non perdera a memo- ria!

E para iso estou aquí: para vos dicir que son e me sinto galego, aínda que sexa pola porta de atrás, e para avisarvos do terrible mal dos esquecementos, cando o que esquecemos é algo tan elemental, tan humano como son os coidados. Diso falaremos moito nesta Romaxe, pero, para empezar, invítovos a cantar a cantiga “Regresade” co letra de Marica Campo e música de Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), que nos fala de volver ao que nunca deberamos ter esquecido:

Cantiga: Regresade

(Letra: Marica Campo. Música: Baldomero Iglesias Dobarrio-Mero)

Regresade coa primavera nova
nas ás das bolboretas. Regresade.
Regresade co bico a flor de labios
para un tempo de encontros. Regresade.
Regresade quebrando o desespero
como un cristal moi feble. Regresade

Regresade coa primavera nova
nas ás das bolboretas. Regresade.
Regresade co soño poderoso
dos que fixeron patria. Regresade.
Regresade coa esperanza tatuada
nas ás das bolboretas. Regresade.
Regresade coa primavera nova
nas ás das bolboretas. Regresade.

Guieira/o: Pois moi ben, señor don Bruto, o Galaico; algo máis nos quere dicir?

D.X.Bruto: Vaia! , tería mil historias que vos contar, referidas a esta terra agora miña, da que non me esquezo, pero deixarémolo para outra hora. Agora nada máis que vos insistir en que non perdades a memoria. Se mal non recuerdo, foron os vossos deuses os que ao vos poñer a creación nas mans vos mandaron traballala e coidala, non si?

Guieiro/a: Pois si, escoita, escoitemos todas, todos, cales foron as palabras xustas que Deus lle dixo ao ser humano:

Lector/a:

Lecturas do libro da Xénese 2, 7. 15:

O Señor Deus formou un ser humano do po da terra, soproulle no nariz o alento da vida e tornouse o ser humano persoa viva.

O Señor Deus estableceu o ser humano no xardín de Edén, para que o traballase e o coidase.

Palabra de Deus.

Romaxe: Sexa, pois, bendito,
o Deus dos coidados.
Coidando a creación
o noso Deus honramos.

D.X.Bruto: Despídome, logo, de todos vós, pero, se me deixades, sigo convosco. Non esquezades logo os coidados, todos os coidados necesarios para que a terra sexa unha terra de vida, e para que a vida sexa un don para toda criatura.
(retírase)

Romaxe: Aplausos.

2.- Na Lama (espazo comunitario), en Lodoselo

Guieira/o: Pois abofé que nin a organización nin seguro ningunha das persoas que aquí estamos conta con esta presenza do señor Bruto. Pero non está nada mal o que nos dixó.

Veciña/o de Lodoselo: Non está nada mal, pero algo despistado si que anda. Debería saber que está na terra dos coidados, no lugar de Galicia onde se leva na man, con mimo e devoción, todo o que compón a nosa realidade: xente maior, xente nova, animais, terra, paisaxe..., todo, todo.

Romaxe: Miúda aldea galega,
Lodoselo, Lodoselo,
onde os coidados se coidan
con mil artes e desvelos!

Guieira/o: Pois diso queremos que nos faledes, para poder celebralo, para poder agradecelo neste día de romaxe. Para poder agradecelo, e tamén, por que non, para poder imitalo, que cousas haberá que, se se fan aquí, se poderán facer tamén en calquera outra aldea de Galicia. Ou que tedes aquí que non teñamos noutros lugares?

Veciña/o: Pois non sei que vos diga, miñas amigas e amigos, non sei que vos diga. Aquí haber haivos algo que vos pode parecer moi especial, co que non é doado bater en calquera sitio. Pero si que é unha realidade que está aí e sempre estivo, que é patrimonio da comunidade, a de xente con sensibilidade que nos organizamos para axudar.

Romaxe: E que é ese algo, logo,
que é o que tedes vós
xentiña de Lodoselo
que non poidamos ter nós?

Veciña/o: Por poder, claro que podedes, todo o mundo pode, pero o caso é que iso que pode ser ou facerse, sexa e se faga.

Guieira/o: Aclárate, muller (home), aclárate. O que nos teñas que dicir dínolo abertamente, sen voltas, para que todo o mundo o entenda ben.

Veciña/o: Pois sen voltas vai. A cousa, coma todo, ten a súa historia, e ten as súas persoas que a viven e constrúen.

Hai 39 anos déronse unhas circunstancias que o propiciaron; e contribuíu a isto o Preescolar na Casa. Que no curso 1985/86 botou a andar nesta comarca e con el a andaina dun orientador que de casa en casa, de pobo en pobo foi alentando que o que é necesario é posible. Que non era nada novo porque neste

pobo, nesta comarca, coma en case todas as do medio rural, estabamos acostumados a organizarnos se queriamos algo: construír a escola do pobo, arranxar (cementar) os camiños, facer a traída da auga ás casas... E ese sentido de pertenza a unha comunidade, que tamén seguramente se idealiza moito ao estar fóra, algunha xente vímola moi danada por algúns feitos coma o partidismo político mal entendido, as inxustizas da concentración parcelaria, etc. E propuxémonos activar a comunidade: comezamos celebrando o magosto todas e todos xuntos; revalorizando ese sentimento de que xuntxs somos mellores, ben acompañadxs o que nos rodea é máis acolledor. E como unha bola de neve, tras dunha acción... viñeron moitas.

Romaxe: Fe, constancia, intelixencia,
con vigor e corazón,
un pobo que esperta e vive:
canto esforzo, canta unión!

Guieira/o: Non é doado resumir a historia deses 39 anos, pero cales teñen sido os momentos, os feitos que máis tiraron polo proceso para adiante, porque isto foi un proceso, non?

Veciño/a: Home, claro, un proceso. E isto xa ten o seu aquel. As cousas, todas as cousas, teñen un proceso. O caso é respectar os tempos,ilas facendo pouco a pouco, sen présa pero sen pausa, pensarmos xuntxs que non é pensar o mesmo... e que é moi doado dicilo agora mirando cara atrás; pero tamén, con sinceridade, lembramos recorrer máis dunha vez a aquilo de que: pobo pequeno, inferno grande!

Estes foron os feitos:

Primeiro, no 1985, foi constituír unha Asociación Cultural (O Cruceiro), para intentar revitalizar a vida comunitaria nestas aldeas con cousas sinxelas: magosto, entroido,... e con cousas sinxelas, si, pero, no fondo revolucionarias: a dobre escola estilo Milani en Barbiana. Sóavos, verdade?

E logo no 1990 viría un feito clave): a creación do CDR (Centro Desenvolvemento Rural) O Viso. Ben acompañados polo Digno en Arzádegos –Vilardevós- (CDR Portas Abertas) e o Miguel en Parada de Outeiro –Vilar de Santos- (CDR Eirada) e a constitución da Confederación de Centros de Desenvolvemento Rural a nivel estatal (COCEDER) , na que seguimos como socios fundadores.

Guieira/o: Así que logo, CDR O Viso, e plaff!, a noite fíxose día.

Veciña/o: Ai, diso nada, eh! CDR O Viso, e aí empeza a necesidade de ir dando pasos, de os ir pensando ben, de os ir executando mellor porque pasamos a con-

tar con máis recursos, buscando todo tipo de solidariedades. Foi o momento de gozar, e tamén sufrir, aprendendo, facendo. Aprendemos que non iamos delegar o impulso, a motivación para mellorar as nosas vidas.

Guieira/o: Vaia, que a cousa non foi doada, logo?

Veciña/o: Non, non foi doada. Todo depende de como fagamos o que facemos. É moi importante a actitude de servir, de acompañar, e non de ir collendo aires de mando e señorío. É importante tamén saber combinar ben dereitos e deberes. E, sobre todo, aprender todos e todas que a cousa é de todos e todas, por moito que haxa alguén que vaia diante, no medio ou detrás segundo os casos e momentos.

Guieira/o: Pero ollando todo o voso recorrido, estades cheos de orgullo, non?

Veciño/a: Si que o estamos, claro que si, e moi agradecidas a todas as persoas que arrimaron o lombo para chegar ao que chegamos.

Gueira/o: Seguiremos falando, pero, se che parece, dámonos un respiro cantando algo, algo co que poidamos transmitir a ledicia e o agradecemento que sentimos por vós e por canto fostes capaces de ir facendo. E ben lle podemos dar paso a Manuel María, que tanto e tan ben cantou o mundo da aldea, co poema O carro.

Cantiga: O carro

(Letra: Manuel María. Música: Baldomero Iglesias Dobbarrio-Mero)

Non canta na Chá ninguén,
 por eso, o meu carro canta,
 canta o seu eixo tan ben
 que a señoardade me espanta.
 Non hai canto tan fermoso:
 fino coma un asubío,
 anque é, ás vegadas, saudoso
 faise no ar rechouchío.
 O meu carro é cerna dura:
 sábese carballo e freixo.
 Que fermosa e a sua feitura!
 Que lixeireza a do eixo!
 As cousas vanse aledando
 por onde meu carro pasa.
 Carrétame herba pro gando!
 Tráeme a colleita pra casa!

Guieira/o: Amigas e amigos, va que en Lodoselo, en Sarreaus, en toda a Limia, o carro de Manuel María canta con pracer e de pracer enche a quen o escoita?

Romaxe: Xaora que canta
con moita esperanza
tecendo as persoas
na vida que avanza
animais e terra
en gozo e en danza.

Guieira/o: Paréceme que sodes moi sabedores do que en Lodoselo se coce. Igual xa lestes a entrevista a Toño na revista IRIMIA, igual xa vistes o programa “Cos pés na terra” da TVG o 8 de maio pasado, onde o Toño e outras veciñas e veciños integradas no CDR O Viso, nos contaban as súas andainas. Pero non todo o mundo le IRIMIA, por desgraza, nin tampouco ve a TVG todos os días. Saberíades dicir que é o que no fondo permitiu que en Lodoselo, desde Lodoselo, se viva e se anuncie unha terra de coidados, ou mellor llelo preguntamos a alguén que aquí o estea vivindo? Alguén nolo pode dicir?

Veciño/a 2: Eu, que o estou vivindo, si que vos podería dicir algo, aínda que xa se adiantaron cousas ben atinadas.

Guaieira/o: Conta, logo, amiga (amigo).

Veciño/a 2: Pois conto, e con pracer. O básico é chegar e ver, escoitar o que a xente necesita e demanda; pero escoitar de verdade, as palabras, os sentimentos, as emocións. Lodoselo é unha aldea, pero Lodoselo é un mundo. Un mundo de aldea, que algúns dirán que está en descomposición, en acabamento, pero é un mundo, onde hai persoas vivindo e querendo vivir e morrer ben, satisfeitas. E despois de ben escoitar, pensar cousas, proxectar respostas vivas. Pouco a pouco. E unha cousa vai tirando pola outra nunha cadea sinxela e intensa de sentido, de humanidade.

Guieira/o: Pero, a ver, a ver, esmiúza un pouquiño as cousas. Por exemplo, quen son actores do asunto?

Veciño/a 2: Pois sómolos todos, todas, cada quen no seu punto e lugar. Quen fala dunha necesidade xa dá o primeiro e principal paso; quen escoita ese falar, dá o segundo; as persoas que se xuntan para matinar na proposta e buscar os medios para facela posible dan o terceiro; as que se moven para facilitar a súa realización dan o cuarto, e así pasiño a pasiño. A cousa é cousa de todas e todos.

Guieira/o: Unha cousa moi comunitaria logo!

Veciño/a 2: Si, moi comunitaria nos pasos da execución e logo tamén na vida cotiá do CDR, buscando sempre unha real integración das persoas (xente maior residente ou non, nenos e nenas, persoas contratadas, persoas voluntarias), pero incluso integrando tamén animais e terras, e compartindo grazas e saberes. Non sei que vos parece a vós.

Romaxe: Un soño, un soño parece
que nun pobo tan pequeno
se dea cousa tan grande:
vellos, adultos e nenos
cos animais, coa terra,
vivir que busca ser pleno.

Veciño/a 2: Alto aí, alto aí, non vos pasedes. Buscamos vivir ben, pero non todo é vida e dozura. Preguntádello á xente, vella e nova, preguntádello aos animais, que tamén sofren, preguntádello a estas terras máis próximas e ás de toda a Limia, que tamén padecen por causas naturais e por abuso e malicia de xente. Buscamos vivir ben, pero os traballos, os sufrimentos tamén están aí.

Gueiro/a: Grazas, amigo (amiga) por esa precisión, que non nos vén mal, aínda que a xente irimega que asiste a esta romaxe sabe moi ben dos atrancos cos que sempre se atopa quen ten mente soñadora, e busca romper coas rutinas e cuestionar saídas precipitadas e inxustas a situacións humanamente densas como as que aquí e en tantos lugares da Nosa Terra se están a dar. No noso silabario vital temos gravado, entre outros, o poema de Xosé María Díaz Castro, PENÉLOPE, que vos invitamos a cantar.

Cantiga: Penélope

(Letra: Xosé María Díaz Castro. Música: Baldomero Iglesias Dobarrío-Mero)

Un paso adiante e outra atrás, Galiza,
e a tea dos teus soños non se move.
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
e en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, ¡Xesús María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!

3.-No corpo de Lodoselo

Guieiro/a: Pois a pesar do sentimento amargo de Díaz Castro, neste lugar de Lodoselo, coma noutros moitos de Galicia, podemos dicir que si, “aran os bois”, xaora, aran os bois e as terras fecúndanse e dan froitos, e, se chove, que chova.

Pero, mirade, xentiña de Lodoselo, podiades subir aquí e explicarnos vós mesmos en que consisten servizos tan concretos como os que aquí estades prestando, para que os coidados se espallen coma unha diaria bendición sobre as persoas que deles se benefician: Vivenda de maiores, Casa niño, Xantares na casa, Atencións diversas na propia casa, coidados da terra e dos animais...

Veciño/a 2: Pois pola nosa parte non hai problema ningún. Hai aquí un fato de xente disposta a facelo. Cando queiras, ti dispón, xa verás que axiña nos compracen.

Guieiro/a: Pois xa, non hai nada que agardar. Toda a xente está coa ansia de oír e aprender.

Romaxe: A iso viñemos,
amigas, amigos,
a ver e aprender
a facer camiño,
e a agradecer
tanta loita e mimo.

Guieiro/a: Tanta cousa fermosa a máis dos nosos aplausos, ben merece unha cantiga, e que sexa leda e festeira; ben merece unha RUMBOIA.

Cantiga: A rumboia

(Letra e música popular. Arranxos: Baldomero Iglesias Dobarrío-Mero)

Heime de casar pra Castro,
terriña de moita leña,
hei de tragner un feixiño
pra cando a rumboia veña.

Anda Xoana, árdeche a Troia
vente comigo, bailaremos a rumboia.
Viva a rumboia, rumboia viva,
viva a rumboia, anque sexa noite e día.

Miña comadre Polonia
non vin muller coma ela,
os ósos dállos ao home,
a carne cómea ela.

Ou lindo lindo, ou miña xoia
imos a Lugo, bailaremos a rumboia.
Viva a rumboia, rumboia viva,
viva a rumboia rumboia da miña vida.

Todos os carabineiros
dormen cos pés á xiada
e de alí ao outro día
a festa da rumbeirada.

Anda Xoana, árdeche a Troia,
vente comigo bailaremos a rumboia.
Viva a rumboia, rumboia viva,
viva a rumboia anque sexa noite e día.

4.-Lodoselo aberto ao mundo pasando por Palas de Rei

Guieiro: Que gustiño dá menear o corpo, menear a mente, menear as ideas, menear os feitos, menear o País! Por certo, amigas e amigos de Lodoselo e bisbarra, amigas e amigos que de preto ou de lonxe aquí nos achegamos para esta Romaxe aberta e universal, que vos parece: o modelo Lodoselo co seu selo é

modelo pra facelo, elo a elo, en Campelo, en Estelo, Padornelo, ,... co seu celo, co seu pelo? Dito simplemente: é exportable o modelo Lodoselo.

Romaxe: O modelo
Lodoselo
co seu selo
é modelo
para facelo
elo e elo,
en Campelo,
Padornelo
en Estelo
...co seu selo,
co seu pelo.

Guieiro/a: Iso credes? Pero que nos din os entendidos de aquí. É exportable o modelo ou non? Pódese facer algo así por Galicia adiante? Hai que “Lodoselizar” Galicia, como alguén ten dito?

Veciño/a 3: Non nos gusta iso, polo que ten de darnos bombo, e nós non somos de bombo; tampouco nos gusta moito, porque as circunstancias de cada lugar son as que son; e as persoas que viven nese lugar son as que deben pensar e decidir que é o que lles cómpre facer e como o cómpre facer. Claro que coñecer nos a nós, coñecer outras experiencias pode dar luz para que a xente dese lugar vexa que é o que lle pode vir ben, aproveitar recursos, ver posibles maneiras de levalo a cabo etc. Se nós aquí somos un mundo, cada lugar é tamén un mundo. E pensar que deberemos facer do traballo dos coidados algo diario, algo persoal tamén, coma un estilo de vida, que en certos momentos se converte en movida parroquial, social. Non se poderá exportar o corpo de Lodoselo, pero si que se poderá exportar o seu espírito, o seu alento, a súa alma. Pero ben, se algo vos aproveita do que aquí vedes, nós moi satisfeitos.

Guieiro/a: E, como non nos vai aproveitar. En todos os lugares a terra quere coidados.

Romaxe: A terra e a xente.

Guieiro: A terra e a xente, si, señores!

Romaxe: A terra, a xente e os animais.

Guieiro/a: A terra, a xente e os animais, si, señoras!

Romaxe: A terra, a xente, os animais e toda a natureza.

Guieiro/a: A terra, a xente, os animais e toda a natureza, por suposto.

Romaxe: E os ríos, os mares, os montes, os vales...

Guieiro/a: E os ríos, os mares, os montes, os vales..., xaora!

Romaxe: E a comarca toda de Palas de Rei

Guieiro/a: Por suposto, a comarca toda de Palas de Rei, a zona de Galicia hoxe máis ameazada polas gadoupas do capital, polos seus intereses que antepoñen en moitas ocasións ao respecto debido, a riqueza natural dunha zona e á xente que a habita e a aproveita para vivir. Pero sobre disto, por ser algo tan recha-mante e conflictivo, paga a pena escoitar polo menos unha breve exposición de alguén que estea no allo. Anda por aquí? Anda por aquí....

Guieiro/a: Que nos pasa pola cabeza, polo corazón? Que nos pasa? Igual po-díamos expresar os nosos sentimentos apoiándonos nos sons dunha cantiga. E facémolo cantando (ou escoitando)...

Cantiga

5.-Con D.X. Bruto, o Galaico. B

Guieiro/a: Asentados ou encirrados para ben por esta cantiga, avancemos na nosa celebración.

Pero que fas ti de novo por aquí? Non te despediras xa de nós?

D.X.Bruto: Despedinme, si, pero, velaí que cruzando o Limia cara aló véuseme á memoria unha cousa importante que pensei que vola debía dicir, e por iso vol-vín.

Guieiro/a: Ou sexa que a ti cruzar o Limia, no canto de te facer esquecido, de-vólveche a memoria.

D.X.Bruto: Pois, velaí, tal cal. Seguro que esta maxia xa a tiña o Limia desde sempre, e que nós daquela a entenderamos ao revés. Ben, e aquí estou.

Guieiro/a: E vesnos dicir, logo, aquilo do que te acordaches, porque o viches interesante para nós.

D.X.Bruto: Tal cal, xusto así.

Guieiro/a: Pois conta logo, que é iso tan importante que nos queres dicir?

D.X.Bruto: Pois que esta xentíña de Lodoselo non é a primeira que fixo cousas admirables, imitables. Antes ca eles, antes ca todos e todas vós, houbo xente e xente que creu nesa corrente dos coidados da que tanto vos gusta falar hoxe.

Romaxe: Xente e xente, claro que houbo
que nós non vimos da nada;
do que outrxs sementaron
recollemos as anadas.
Que sorte poder gozar
de colleitas tan suadas!

Guieiro/a: Pois si, pois si. Pero estamos rabeando por entrar nos recordos deste querido Galaico. A ver, veña, fala.

D.X.Bruto: Pois si, falo. Sabiades vós que por estas mesmas terras, leira arriba, leira abaixo, houbo un fato de curas, deses que daban que falar, e non precisamente por seren amigos da boa comida e do carto. Se non o sabiades, é hora de que o vaiades sabendo, e para iso volvín aquí.

Guieiro/a: Supoño que non hai aquí quen non coñeza curas dos de carto e barriga, e tamén desoutros nos que parece que ti pensas. Pero fala, que para iso volviches.

D.X.Bruto: Para iso volvín, si, señor. Para falarvos de curas coma Evencio Domínguez Lorenzo, Bieito Ledo Cabido, Xosé Ramón Domínguez Vázquez, Manuel Crespo González, Virxilio Rodríguez Silva, Xosé Benito Sieiro Rodríguez, Miguel Fernández Grande, Digno González Diéguez, Isaac Alonso Estraviz, Camilo Modesto Domínguez Fernández... Algúns morreron, outros aínda viven. Todos merecen o noso recoñecemento, o noso agradecemento. Sen eles nós non seríamos nós.

Guieiro/a: Pero conta algo concreto no que tales curas se fixeron notorios, por exemplo, en que se manifestaron como persoas de coidados para o pobo?

D.X.Bruto: Pois xustamente sobre diso vos quería dicir algo. Aquí falouse xa dun conxunto de coidados admirables, que tanto ben fan á xente. Estes curas déronlle aos coidados quizais outra orientación, que tamén é moi necesaria. Transmitiron os coidados de Deus poñéndose ben ao servizo da xente; e tamén ofreceron o coidado da cultura, que é tan necesaria para abrir os ollos e o corazón en boa dirección; animaron os coidados da organización popular, ben en sindicatos agrarios, ben na participación política, e fixérono en tempos recios, cando por nada recibías multas, ou te metían no caldeiro, e fixérono gratis, implicando os seus cartos, a súa tranquilidade, a súa vida. Descubriran a importancia da acción relixiosa, cultural, sindical, política –todo moi ben apezado- para construír persoas e pobos libres e dignos, e a eses coidados dedicaron o mellorciño das súas vidas.

Guieiro/a: Igual algún deses curas aínda nos acompaña hoxe. Hai algún por aquí? Se o hai, que se digne subir aquí ao escenario, para lle darmos un aplauso a el, e a todos estes curas que el representa.

Guieiro/a: Que, algo máis, señor Bruto?

Muller da aldea: Eh, eh! Eu tamén teño algo que dicir, se se pode.

Guieiro: E non se ha poder! Adiante! Que nos queres dicir logo?

Muller da aldea: Pois eu dicirille á xente que me gustou o que aquí o amigo Galaico dixo, pero ao mesmo tempo revolveume algo as tripas. Porque, mira, cando hai que destacar algo ou a alguén, sempre aparecen os homes polo medio, sexan ou non sexan curas. E xa está ben! Non hai, logo, mulleres que destacasen como persoas de coidados? Que o diga o público, hainas ou non has hai?

Romaxe: Hai mulleres a mancheas
en aldeas e cidades
que no tema dos coidados
moito é o que elas saben.
Hainas aquí entre nós,
nese asunto moi sabidas,
tan sabidas que quizais
por coidar perden a vida.

Muller da aldea: Velo, velo, xa cho dicía eu. Pero eu teño unha cousa que vos dicir. Son muller de aldea, e falo, logo, desde a aldea.

Guieiro/a: E que nos queres dicir, logo, desde a aldea?

Muller da aldea: Pois que teño observado, e podería citar unha boa presa de nomes, teño observado que, moito antes de que se dese en falar de feminismo, moito antes, eh!, cando o machismo era algo normalíño de todo, moi aplaudido, houbo nas nosas aldeas mulleres que souberon empoderarse, como dicimos agora; e así, baixo a aparencia de que quen mandaba era o home, a muller era a que dispoñía a vida da casa, decidía os pasos a dar, o que cumpría e non cumpría facer.

Guieiro/a: A ver, a ver, explícate ben. Que nos queres dicir, que mandaban as mulleres?

Muller da aldea: Si e non. Non era un mandar de mandar. As mulleres eran as persoas dos coidados da casa, practicamente de todos os coidados: coidado da xente (maiores e crianza, enfermos), coidado da casa (orde, limpeza), coidado da roupa, coidado da cociña, coidado dos animais domésticos, e logo, colaborar fóra no que fixese falla...

Pero, a maiores diso, as mulleres eran en moitos casos as que tomaban a iniciativa, arrastraban o home para dar pasos audaces que cumpría dar para resolver problemas: mercar ou vender unha terra, dispoñer que un fillo ou filla fose estudar, como educar os fillos/as, dispoñerse á emigración, e así moitas cousas..., ata o punto de que era a muller a que tiraba pola casa e pola familia para adiante.

E todo iso, repito, nun ambiente de machismo total, co que era necesario ter o seu aquel para determinar as cousas sen que nin dentro nin sobre todo fóra da casa se notase que era a muller a que decidía. Era a alma do coidado da vida. Era o anxo oculto da vida.

Guieiro/a: E non te estarás pasando, miña amiga?

Muller da aldea: Iso é o que di todo o mundo. Pero non me estou pasando, non. As cousas eran así. Ai, esas mulleres matriarcas! Cantas houbo! E, xa non digamos cando por morte ou emigración do home, tiña que asumir descaradamente esa tarefa! Mulleres ocultadas removendo o mundo!

Guieiro/a: E que queres, logo, que lles deamos tamén un aplauso?

Muller da aldea: Un aplauso ou un poema, ou unha cantiga.

Romaxe: Unha Cantiga!

Guieiro: Unha cantiga logo: Muller Galega!

Cantiga: Muller galega

(*Letra: Avelino Díaz. Música: Paloma Suances*)

Cando vas a bailar ó turreiro
cando vas pol-o agro segar,
cando sachas o millo no leiro,
cando o liño te pos a fiar...

Cando vas pol-as tardes á fonte
i ás mañáns á igrexa rezar,
sempre tes unha estrela na fronte
com-un siño d-amor a brilar.

Tes d-abondo muller de Galicia,
i-es tan nobre com-outra non hai!
Miña lira che rende xusticia
i-o consenso do mundo ch-a fai!

Cando vas pola rúa c-un mozo,
cando vas ó regueiro lavar,
tes a leda surrisa i-o gozo
n-ese teu namoroso mirar.

Na cortiña, na aira, no prado,
donde queira que ves, ou que vas
teu falar i-ó sorrir meiguizado
dicen sempre do ben que nos fas.

Tes d-abondo muller de Galicia,
i-es tan nobre com-outra non hai!
Miña lira che rende xusticia
i-o consenso do mundo ch-a fai!

Druidesa de Céltico embruxo,
do paisaxe no místico altar
Es clarín ó botar un atruxo
reiseñor se te pos a cantar... A cantar ...

Xa te topes no val, ou na serra,
tes o don i-ó poder d-un imán
e gozosa de ti, ten a terra
as froriñas qu-arume che dan.

Nos momentos, da vida aurorales,
es amor que nos ves aledar.

Memoria de Xesús, o Cristo.

Guieiro/a: E chegados aquí, amigo Bruto, apetéceche quedar connosco ou queres volver para a terra de ningures? Xa ves que o teu recordo suscitou outros recordos, e iso seguro que che gusta, non?

D.X.Bruto: Pois chegado a este punto, voume quedar convosco, a ver como remata esta Romaxe, que me está gustando. Apreciades a memoria, gústavos aproveitar, non esquecer o que outros, homes e mulleres, fixeron por nós, e iso a min vaime. Quedo aquí, e moi agradecido pola invitación.

María Magdalena:

Eu son María Magdalena. Recordádela? Recordádela? Pasei moitas horas con Xesús e o seu grupo, e, xa que estamos reavivando memorias, gustaríame traer a memoria del.

Mateo: Pois eu son Mateo, un dos primeiros seguidores de Xesús. Seguro que tedes oído falar de min. Formei parte do primeiro grupiño de Xesús, o mestre querido, e compráceme moito traervos tamén o recordo del.

María Magdalena: Xa que estamos falando tanto de coidados, eu empezo dicindo que Xesús foi un grande coidador, fillo, coma todas e todos nós, da grande coidadora do mundo, coma Nai e Pai que é, Deus.

Volvendo a Xesús, mirade, eu tiña sete demos comigo, moitos demos, eh!, e curei cos coidados que recibín ao camiñar a rentes do grupo de Xesús, que fixo de min unha muller nova, amante, competente, integrada. Si, Xesús tiña un poder especial para curar os corpos e para curar tamén os espíritos:

Mateo: Dimo a min! Eu tiña unha avaricia tola, rabeaba por ter e ter, e sempre máis. Pois curei, mira ti. Acabei repartindo moito do que tiña, e fun feliz ao lado de Xesús e do seu grupo. Moito o recordo! Co tempo deume por ir recollendo e escribindo cousas que lle vía facer a Xesús e cousas que outras persoas contaban del. Mirade, por exemplo, que densas estas palabras de Xesús:

Mt 6, 20-23:

“Amoreade tesouros no ceo onde non hai traza nin ferruxe que acabe con eles, nin ladróns que asalten e os rouben. Que onde está o teu tesouro está o teu corazón.

A luz do corpo é o ollo. Se o teu ollo está san, todo o teu corpo estará alumado; pero se o teu ollo está malo, todo o teu corpo estará na escuridade. E se a luz que hai en ti é escuridade, canta escuridade!”

E mirade estoutras palabras que me dixo mentres comiamos na miña casa xusto o día que nos coñecemos, palabras que nunca, nunca esqueceré:

Mt 6, 24:

“Ninguén pode servir a dous amos, porque ou lle ten lei a un e xenreira a outro, ou ben atende a un e menospreza o outro. Non podeades servir a Deus e mais o diñeiro.”

Mt 7,12:

“Así que tratade á xente en todo conforme queredes que vos traten a vós, porque esta é a Lei e mailos Profetas”

María Magdalena: O que nós vimos e vivimos está recollido nos evanxeos. Podédelos ler. A min o que máis me impresionou de Xesús era aquel seu convencemento de que a relixión, en calquera das súas formas posibles, estaba ao servizo da xente, e non a xente ao servizo da relixión (cfr. Mc 2, 27).

Mateo: Si, e esa foi a principal razón pola que as autoridades relixiosas do seu tempo decidiron acabar con el. Era un perigo para o sistema relixioso existente. Apelaba ao cambio das persoas, polo coidado dos corpos e dos espíritos, pero un coidado que irremediamente afectaba a todo o tecido relixioso, económico e social. Por iso decidiron acabar con el, como igual tamén acabariamos nós se convivise connosco. Sepultaron o seu corpo, pero o seu Espírito vive, está aquí no medio de nós, ou non?

Romaxe: Si, Xesús, ti estás presente,
aléntándonos a coidarnos
e a coidar a quen o precise
sen límite de espazo nin de tempo.

Queremos, coma ti, agradecer
as persoas e estruturas sociais que nos coidan.
Queremos, coma ti, alistarnos na tarefa
de facer da fe en Deus unha fe humanizada,
que nos faga xente coidadora
con intelixencia e paixón,
abrindo sempre tempos e fronteiras.

Contamos contigo ao noso lado.
Conta ti connosco á túa beira.

Magdalena: A entrega de Xesús ao servizo dos coidados foi total, ata a morte.

Mateo: Si, así nolo deixou ben claro naquela última cea, lavándonos os pés coma bo criado, e dándonos no pan e no viño, facéndose comensal, comida e servente naquela cea que abría tempos novos para a fe e os coidados, e profetizaba un futuro de harmonía e abundancia en fraternidade, en sororidade. Iso si, a través do esforzo, mesmo do sufrimento ou a morte.

Magdalena: E xa que nesas andamos, seguindo as pegadas de Xesús, recemos con el cantando a oración que nos ensinou:

Noso Pai-Nai galega.

(Letra: Pepe Chao. Música: Baldomero Iglesias Dobarrio-Mero)

Noso Pai que estás no ceo
dende a terra de Galicia,
chamamos pola irmandade,
berramos pola xustiza.

Deus fratesque Gallaeciae
clamaban na túa loita
os Irmandiños, e agora
ti, Pai, os fillos escoita.

Santo es ti o e teu nome
habermos santificar-e;
que o noso pobo galego
na fe se poña a medrar.

O teu Reino veña a nós-e,
que é de xustiza e verdade;
pra lle sermos fieis queremos
sementar fraternidade (sororidade).

Que a túa santa vontade
coñeza tempos mellores
e non se faga o capricho
de caciques e señores.

Dá ti o pan de cada día,
que no mundo o alimento
sexa repartido ben-e,
que ninguén viva famento.

Perdóanos as ofensas
e concédenos o don
de ser bos e xenerosos
pra aprendermos o perdón.

Se andamos na tentación,
se é que ten que vir a proba,
que saiamos máis humanos
cunha conciencia máis nova.

Líbranos de todo mal
e alórganos a vida,
e cura a nosa Galicia
da súa histórica ferida.

Amén, Pai noso, amén,
de acordo co teu Xesús
no seu camiñar honrado
dende o berce ata a cruz.

Mateo: Partamos e comamos logo este pan, compartamos este viño en memoria de Xesús. Pero primeiro deámonos fortes apertas entre nós, porque Xesús moito nolo repetía: non se pode pretender quererlle ben a Deus, se non lle queremos ben a quen temos ao noso redor. Apertas, logo, que nos leven a bos querereres.

Magdalena: E agora si, dispoñámonos a participar no banquete de Xesús.

Romaxe: No nome de Xesús comemos este pan,
para honralo a el bebemos este viño,
sinais do seu corpo e do seu sangue,
luz e forza que el nos dá para o camiño.

Cantiga de comuñón

1.--Magnificat irimego

(Letra: Pepe Chao / Interpretación musical: A Quenlla)

A Virxe de Guadalupe
dixo a Deus cando era nena:
“Magnificat, pois te fixas
en min, sendo tan pequena.”

Diranme todos os pobos,
aínda sendo humildosa,

que entre todas as mulleres
son eu bendita e fermosa.

Ergues os pobres e humildes,
pois de todos es o dono.
Poderosos e caciques
perden o mando e trono.

Han ter bandullo baleiro
os agora farturentos;
has dar o pan cada día
aos que agora están famentos.

Ti que sacaches do ventre
froito novo e verdadeiro,
fainos fillos desta terra
no medio do mundo inteiro.

Berro seco

HIMNO GALEGO

Que din os rumorosos,
na costa verdecente,
ó raio trasparente
do prácido luar...?
Que din as altas copas
de escuro arume harpado
co seu ben compasado,
monótomo fungar...?

“Do teu verdor cinxido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros,
e valeroso clan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono:
desperta do teu sono,
fogar de Breogán

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son;
mas sós os ignorantes
e férridos e duros,
imbéciles e escuros,
non os entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vagueidades
cumprido fin terán,
pois donde quer, xigante,
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán”.

Asociación Irimia

XLVI Romaxe de Crentes Galegos/as
Lodoselo - Sarreaus (Ourense)
sábado 14 de setembro de 2024



www.irimia.gal

Se che gustou este folleto, se che prestou a Romaxe, podes apoiar o traballo que hai detrás facéndote socio/a de IRIMIA, subscribindote á revista, asistindo á Festa do Lume (o 1º sábado despois da Candeloria) ou colaborando en facer posible a seguinte Romaxe. Todas as mans contan.

Máis información en www.irimia.gal
Grazas, sobre todo, por participar.